



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **803 (11/PNC-000051)**, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España do incremento do continxente arancelario de lombos de atún e do control das importacións, incluída na orde do día da Comisión 8ª que se celebrará o vindeiro día 17 de setembro de 2020.

### Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a que respecte os intereses da frota galega e os da industria conserveira evitando o acceso preferencial aos mercados a frotas que non cumpran os estándares laborais sanitarios e medio ambientais, que pola contra si se lle exixen á frota galega.”

Santiago de Compostela, 16 de setembro do 2020

Asdo.: **Daniel Castro García**

Deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 16/09/2020 17:19:09**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2020 17:19:30**



## Á Mesa da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Partido Popular, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España do incremento do continxente arancelario de lombos de atún e do control das importacións (11/PNC-000051, doc. núm. 803).

### Emenda de modificación do punto 1

Débase modificar o punto 1 da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“1. Que nas negociacións que se están a levar a cabo de cara a aprobación do Regulamento do Consello de Europa para a apertura e modo de xestión dos continxentes arancelarios autónomos para determinados produtos de pesca no período 2021-2022, no suposto dos lombos de atún, defenda os criterios e argumentos apoiados en estudos, da industria transformadora así como os da flota atuneira.”

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2020

Asdo.: Patricia Otero Rodríguez  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 16/09/2020 17:39:10**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 16/09/2020 17:39:22**

